

A educación e a galeguización da sociedade (1900-1936)

Sabela Rivas Barrós

Universidade da Coruña

RESUMO: O presente traballo pretende realizar unha aproximación xenérica ás primeiras formulacións pedagóxicas con carácter diferencialista enunciadas en Galicia. Estas propostas permitiron a posta en práctica dun importante labor educativo no ámbito escolar, social e político, que se estendeu ó longo do primeiro tercio do presente século e que ficou embazado polo estoupido da Guerra Civil no ano 1936.

ABSTRACT: The purpose of this paper is to provide a general understanding of the early pedagogical formulations peculiar to Galicia. These proposals made it possible to carry out an important educational task in the school environment and on a social and political level, which lasted throughout the first third of this century and which was stifled by the outbreak of the Spanish Civil War in 1936.

Tendo en conta que o galeguismo tivo ó longo da súa historia distintos contidos doutrinais e políticos, uns órganos de expresión propios, diferentes bases sociais e tamén unha posta en práctica do seu pensamento diferenciadora, faise necesaria, en primeiro lugar, unha clarificación conceptual do termo "galeguismo".

Entendemos por "galeguismo" o movemento que representa o longo proceso de reivindicación política de Galicia como ente nacional e ademáis a xénese paralela dun corpus de ideas que xustificuen esta reivindicación.

Canto á súa periodización, podemos sinalar tres fases: Provincialismo, desde 1840 ata, aproximadamente, 1885; Rexionalismo, desde 1885 ata 1915; e Nacionalismo desde 1916 en diante. Con anterioridade a 1840 haberá determinadas manifestacións que anticipen algúns dos elementos que van formar parte máis tarde do discurso galeguista: crítica ás relacións de dependencia económica, política, administrativa e cultural de Galicia co resto do Estado; defensa da lingua galega, etc.

Sen embargo, debemos ter en conta que nun primeiro momento estas críticas non levaban explícito un discurso encamiñado a obter o recoñecemento a todos os niveis do carácter diferencial de Galicia. Deste xeito, nos anos anteriores a 1840 non se poñía en dúbida o carácter unitario de España. Foi posteriormente, a través do Provincianismo, cando as reivindicacións descentralizadoras van tomando forza ata chegar ó seu máximo apoxeo na etapa que denominamos Nacionalismo.

Desde posicións nacionalistas afirmábase que Galicia é unha nación ó contar con todos os requisitos indispensables para selo: territorio, lingua, raza, organización social, historia e tradición, mentalidade e sentimento. Pero eran conscientes de que non abundaba con que a nación existise, era preciso que os galegos e galegas tivesen conciencia de pertencer a esa nación, en suma, vontade de existir.

Por outra banda, os galeguistas tamén eran sabedores de que todo proceso de construción e preservación nacional precisa duns axentes socializadores encargados de transmitir dunhas xeracións a outras o conxunto de valores e normas polas que se rexe unha sociedade determinada. En palabras de Xoan Vicente Viqueira:

Notemos que a importancia da educación é enorme. Os seus chamados fracasos son expresións pasaxeras, de desesperanza. Non houbo corrente espiritual no mundo, nacional, social, relixiosa, que non tivera como consecuencia unha educación propia; que non traballase como por unha necesidade vital pol-a sua educación e insino (...) Dase nas sociedades o feito que querendo transmitir ás xeracións futuras os bens culturaes, nasce a educación. Seu fin non é outro, e a educación é asín no fondo o lume sagrado d'un pobo (...) a aspiración da escola debe ser transmitir canto hay de bô na nosa raza e facer germinar canto hay de grande n'ela. Á escola pedímoslle pois a raza na sua total integridade. Que todo, desde lêr até o ensino mais outo, fágase pensando no porvir do noso pobo, e lembrándose dos seus fins na Humanidade¹.

Vaise pois a emprender un importante labor pedagóxico, dentro e fóra do ámbito escolar, que terá como principal obxectivo que os habitantes de Galicia se recoñezan así mesmos como tales, tomando conciencia da singularidade da súa Terra. Así o indica o inspector de escola Roxerius: "Temos cicais que reconstruir un Pobo (...) que se perdeu a sí mesmo n'as encrucilladas d'un 'sinvivir', trabucado por total'as desouren-tazóns"².

¹ Viqueira, X. V., "Nosos problemas educativos", *A Nosa Terra*, 30-3-1918 e seguintes.

² Roxerius, "A os escolantes galegos", *El Pueblo Gallego*, 28-VII-1933.

Sen embargo, como tamén expoñía Roxerius, un pobo non pode redimirse como tal sen térense mellorado as condicións económicas, sociais e culturais dos seus habitantes. E isto acadarase intensificando o labor educativo:

...é preciso, pois, intensificar a instrución. E necesario, emprendel-a campaña cultural, si se quer que Galicia se redima económica e socialmente. Escolas, moitas escolas. Conferenzas, moitas conferenzas. Granxas agrícolas d'esperimentación; pósitos de labregos, e pósitos de mariñeiros.

E mester, e urxente, despertar n'o pobo galego o estímulo pol-as leaturas, e fundar bibliotecas populares, espallándoas por todol-os currunchos d'a terra. Que en cada galego haxa un home consciente de sí mesmo, como individuo e como ente social. Solo eisi se porá chegar a redenzón ausoluta, e recabar pr'a Galiza o posto destacado que lle pertence n'a historia³.

Non faltan tampouco opinións, como a dun mestre da Estrada, que defendan a educación como unha vía para paliar e corrixir as disfuncións das que se resente o modelo socioeconómico e cultural vixente, sen alterar as relacións que manteñen as clases e grupos sociais existentes⁴.

Outro dos principais obxectivos que pretendían acadar os galeguistas a través da educación era o desenvolvemento e difusión do seu ideario sobre todo entre a mocidade e a infancia, poñendo neles toda a confianza para que no futuro Galicia fose unha Terra xa plenamente galeguizada:

Por iso a maior laboura témol-a que desenrolar antr-a xuventude, e millor antr-os nenos, e así tere-mos dentro de unhos anos, o millor continxente galeguista formado pol-a mocidade. E cando istos rapaces e rapazas cheguen a homes feitos e a mulleres feitas un grande ambiente de densa galeguidade envolverá a Nosa Terra e fará posibles total-as cousas (políticas ou non políticas) que hoxe son imposibles ou eistremadamente difíciles⁵.

Co gallo da publicación no ano 1922 da revista infantil *As Roladas*, aparece na *Nosa Terra* unha recensión na que se gaba o labor pedagóxico que esta revista está a facer entre a infancia galega, pois ela será unha das encargadas de : "espallar a semente do galeguismo entre a xente pequena"⁶.

³ Roxerius, "O problema cardinal de Galicia", *El Pueblo Gallego*, 10-VII-1929.

⁴ Xosé Riba D'Ulla, "Pra non ser probe", *El Emigrado*, 31-X-1920.

⁵ "A ensinanza galega non eisite", *A Fouce*, I-1931.

⁶ "Lecturas. As Roladas", *A Nosa Terra*, 21-VIII-1922.

Contraria a esta valoración, recollemos a de Daniel Nogueira que critica os métodos que está a empregar no labor pedagóxico a *intelligentsia* do galeguismo posto que, na súa opinión, son moi elitistas:

En Galicia é perder tempo pensar que o ideal de redención ha de inculcárselle o pobo a base eisclusiva de libros e de artigos periódicos porque o pobo non lée ou lée moi pouco e o que lée o non interpreta na fonda medida que corresponde ficando, pol-o tanto, o ideal nazonalista reducido as vilas e cidades como un artigo de luxo pol-o feito de que se lée máis⁷.

E non lle faltaría razón se temos en conta que no ano 1930, cando está a piques de publicarse este artigo, a porcentaxe de analfabetismo en Galicia sobre o total da poboación rondaba o 50%, pertencendo esta porcentaxe maioritariamente á zona rural⁸.

Con todo, non resulta completamente certo que as campañas galeguistas non tivesen éxito no agro, xa que si analizamos a evolución das súas bases sociais desde o ano 1916 ata o 1936 podemos observar como a participación do campesiñado evoluciona desde o 1,48% no período (1916-1931) ata o 31,96% do período (1931-1936). Este aumento de participación non se vai reflectir na composición dos núcleos dirixentes que estarán constituídos, basicamente, por profesionais liberais, intelectuais e funcionarios.

O labor pedagóxico do galeguismo vaise apoiar, cando menos nun primeiro momento, nunha intensa campaña periódica que se porá en marcha coa axuda de xornais e revistas afíns ás súas reivindicacións, entre as que destacan *A Nosa Terra*, *Nós* e *El Pueblo Gallego*, entre outros.

En definitiva, o movemento galeguista vai realizar un intenso labor pedagóxico confiando que tanto a través das institucións escolares como doutros axentes educativos (Igrexa, Exército e medios de comunicación) se poida chegar ó recoñecemento social da singularidade de Galicia como pobo diferenciado e, partindo deste recoñecemento, acabar coa situación de subdesenvolvemento e co complexo de inferioridade, que terían unha das súas principais razóns de ser na política centralista e asimilista.

⁷ Daniel Nogueira, "O Nazonalismo Galego", *A Fouce*, 10-I-1931.

⁸ Vid. Costa Rico, A., *Escolas e mestres. A Educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República*, Servio Central de Publicacións. Consellería da Presidencia, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pp. 158-162.

Mais para que isto sexa posible, precisárase que tanto as institucións escolares como a Igrexa, o Exército e os medios de comunicación, estean plenamente galeguizados é dicir, mergullados na realidade galega, posto que se non é así, como ocorre na realidade, non cumprirán a súa verdadeira función educativa senón que, pola contra, funcionarían como instancias asimiladoras. En palabras de Castelao:

As nacionalidades Hespañolas non pretenden independizárense, pero tampouco lles abonda c-unha simple descentralización político-administrativa. O que queren é abolir o falso ideal común, creado artificialmente, e arelan paralizar e deter a destrución sistemática dos seus particularismos, que lle dá a Hespaña unha aparencia de nacionalidade xa constituída. Non queren, poño por caso, que dende as escolas se siga decindo que os hespañoes somos da mesma raza, da mesma lingua, da mesma cultura e civilización, e que nos xuntamos amorosamente n-unha patria única para conservar e transmitir este herdo ancestral, porque semellante mentira ten por obxecto a castelanización de Galiza, Euzcadi e Cataluña⁹.

Deste xeito, desde mediados do século XIX ata finais da II República foron numerosas as voces que dende as filas galeguistas criticaron a situación na que se atopaba o sistema educativo en Galicia e, aínda que estas críticas iranse ampliando tanto cuantitativa como cualitativamente a medida que transcorre o primeiro tercio do século XX, podemos indicar que se dirixiron preferentemente en dúas direccións: por unha banda, desde unha perspectiva especificamente galeguista, censurábase a política centralista en materia de ensino canto á descontextualización da realidade política, económica, cultural e socio-histórica de Galicia e, por outra banda, coincidindo con outros sectores ideolóxicos, criticáanse as deficiencias obxectivas do sistema escolar.

Foron a escola primaria, concretamente a escola rural, e a Universidade os dous niveis de ensino que centraron o interese dos galeguistas, atendendo, na nosa opinión, a dúas razóns principais: en primeiro lugar, a escola primaria era o nivel de ensino con maior matrícula e, ademais, esta tiña carácter terminal, pois só unha minoría de rapaces e rapazas tiñan acceso ó ensino secundario. En segundo lugar, a galeguización da Universidade tiña un grande interese, xa que era neste nivel onde se estaban a realizar a meirande parte dos proxectos de investigación en tódolos campos científicos, polo que cumpría que estes se dirixisen á realización de estudos sobre temáticas propias do país.

⁹ Castelao, A., *Sempre en Galicia*, Ed. Crítica, Universidade de Compostela, Santiago de Compostela, 1992.

Canto á escola primaria, o movemento galeguista vai facer fincapé na defensa dunha escola rural adaptada ós intereses socio-económicos e culturais propios do agro galego, refugando a simple traslación do modelo escolar urbano á zona rural, sen ter en conta as súas especiais características. Neste sentido exprésase no ano 1918 o mestre de Ribeiras do Sor, Federico Maciñeira, nun artigo publicado en *La Voz de Galicia* no que pretendía chamar a atención do, naquel momento, incipiente movemento nacionalista sobre a necesidade de loitar pola dignificación das escolas rurais:

... con dolor venimos observando que en la activa campaña de acción, aún de controversia, emprendida en Galicia por los regionalistas de las nuevas tendencias nacionalistas y por los puros del antiguo régimen, a fin de conducimos por nuevos derroteros que nos lleven al engrandecimiento a que somos acreedores, se tiene en completo olvido lo que necesariamente debe de ser la base del nuevo edificio que intenta levantarse, ya que éste precisa apoyarse en el elemento rural como predominante en la región: la escuela aldeana¹⁰.

Dilucidadas estas cuestións previas, pasamos a examinar algúns dos condicionantes que afectaban á elaboración dun proxecto pedagóxico galeguista.

En primeiro lugar, referímonos á irregularidade da asistencia escolar, que foi motivo dunha intensa reflexión en todos os sectores implicados no ensino desde finais do século XIX ata os anos 30 do XX. Tanto os mestres/as como os inspectores de primaria abordaron este problema en numerosos foros de debate (Asembleas pedagóxicas, Certames pedagóxicos, etc).

Desde posicións galeguistas reflexionouse tamén sobre este tema posto que, aínda non sendo exclusivo de Galicia, tiña aquí unha especial incidencia por mor de diversas características singulares da xeografía galega, tanto nos seus aspectos físicos como humanos e de infraestrutura económica: clima, tipo de asentamento e distribución no territorio da poboación, grande peso da poboación rural, a media de núcleos habitados por concellos, o reducido tamaño dos núcleos de poboación, a influencia exercida pola emigración nos ritmos demográficos e o serodio paso dunha economía de subsistencia a unha economía de mercado.

De todos estes aspectos explicativos da irregularidade na asistencia escolar centrámosnos nos seguintes: o traballo infantil, a dispersión da poboación, as enfermidades infantís e, por último, a falta de atractivo da escola.

¹⁰ Federico Maciñeira, "La Escuela Rural", *La Voz de Galicia*, 12-II-1918.

Do traballo dos nenos e nenas como recurso económico pódese dicir que foi e segue sendo, aínda que en menor medida, unha constante no campo galego. Xa fose pola emigración dos pais e nais, ou ben porque se precisaba duns brazos máis para traballar, o certo é que eran numerosos os rapaces e rapazas que durante moitas horas do día traballaban duramente en distintas tarefas do campo por enriba, en moitas ocasións, das súas posibilidades físicas. Así o describe esta situación un mestre que chega por primeira vez a unha escola rural:

Extiende su vista al campo y ¡oh sorpresa! distingue y descubre a los suyos como se mueven despigando las mazorcas del maíz que se tronchan ante el dedo tierno del rapaz que lo rasga; más allá, los vé, como felinos encaramarse sobre los robles corpulentos para sacudir sus ramas y dejar caer las bellotas que cuajan el suelo; más lejos divisa la yunta de bueyes guiada por su alumno que alzan la tierra para descubrir la patata, pan de pobre; siente el ruido de los castaños que zumban en sus oídos y observa que caen sus erizos rompiéndose al chocar con las peñas, cuyas cames se desprenden de él como pedazos de un pan de centeno. Al pie de los árboles se afanan los rapaciños y rapaciñas por llenar los cestos y transportarlos a sus lares, para alimento de su ganado (...) y luego queremos que la escuela rehaga a Galicia y que sus campos no queden yermos y que sus pueblos y aldeas rompan la mortaja...¹¹

A pesar de que atopamos numerosas descrições, da penosa situación que vive a infancia no agro galego, sen esquecer o traballo infantil nas cidades, as solucións que se aportan son principalmente de dous tipos: convencer ás familias da necesidade de que o alumnado asista á escola, ou ben adaptar o horario escolar e as vacacións ás épocas de máis traballo no campo.

Esta última solución é a máis aceptada polo galeguismo como queda reflectido no manuscrito presentado por Vicente Risco contendo as alegacións a prol dos dereitos de Galicia presentado no congreso das Minorías Nacionais celebrado en Berna.

A dispersión da poboación vai ter tamén consecuencias negativas na asistencia escolar atendendo principalmente a dúas cuestións: ó número e calidade das escolas e, en segundo lugar, ás grandes distancias que tiñan que percorrer os nenos e nenas para poder ir á escola.

A lei Moyano (1857) establecía que en todos os pobos de 500 habitantes debía haber unha escola pública elemental de nenos e outra de nenas, aínda que fose incompleta, mentres que as incompletas de nenos só se podían crear en entidades de

¹¹ Luciano Gabriel Fernández, "Las escuelas rurales", *Vida Escolar*, 26-XI-1927.

poboación de menor número de habitantes. Para que estas entidades puidesen contar cunha escola elemental completa, deberían reunir a súa poboación con outras próximas formando un distrito escolar.

Tendo en conta estas esixencias no censo de poboación para a creación das escolas primarias, así como as obrigas de pagamento desta modalidade de ensino por parte dos concellos, podemos concluír que a rede escolar pública galega tiña unha calidade inferior ó resto do Estado, razón pola cal as reivindicacións galeguistas vanse centrar na demanda de adecuación das demarcacións municipais á estrutura do hábitat galego, considerando á parroquia como unha unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada que, consecuentemente, se deberá ter en conta á hora de construír e organizar a distribución dos centros escolares, sen depender soamente da capacidade presupostaria dos concellos.

Outra das causas da irregularidade na asistencia escolar eran as numerosas enfermidades infantís, como o sarampelo, variola, sarna, anemia, etc. A mala e insuficiente alimentación, falta de hixiene, escasez de roupa e calzado, as frecuentes molladuras, falta de educación maternal e de profesionais da medicina ou de cartos para pagarlles son algunhas das causas que van provocar e estender moitas epidemias nos nenos e nenas galegas.

Ante esta situación, van ser moitas as voces que dende as filas galeguistas reclamen melloras na asistencia médica das embarazadas, nas condicións hixiénicas das escolas, a necesidade de introducir nos programas escolares nocións de hixiene persoal e, sobre todo, a necesidade de levar adiante inspeccións médicas nas escolas¹².

A escola era, polo demais, unha institución escasamente atractiva para os rapaces e rapazas ao estar afartada dos seus intereses. Ler, escribir e contar, ademais de rezar, sintetizaban toda a tarefa instructiva, baseada nunha metodoloxía tradicional, con frecuentes castigos e unha relación fría e distante entre o profesorado e o alumnado.

¹² Desde as páxinas do xornal *El Pueblo Gallego*, demandáronse en moitas ocasións estas inspeccións: "En efecto, siempre fué necesario conocer las enfermedades de los escolares y del estado de su desarrollo físico, por razones sociales, higiénicas y pedagógicas, que podríamos resumir en razones humanitarias. Razones de carácter social que se refieren a la vida de las familias obreras y de la clase media; a sus enfermedades congénitas y hereditarias, a su aptitud para el trabajo; a su estado de morbilidad, etc. Razones higiénicas que tienden a evitar el contagio y a impedir, en lo posible, el origen de los males que se producen a diario o en determinadas épocas entre los niños de las escuelas" ("La Inspección médico-escolar", *El Pueblo Gallego*, 9-VII-1929).

O proxecto educativo galeguista fai escasas referencias expresas ós temas metodolóxicos. Sen embargo, por medio de diversas fontes, sabemos que se pretendía acabar cos métodos da escola tradicional que afartaba ós escolares dunha relación directa co contorno máis próximo evitando, desta forma, que se chegase a unha aprendizaxe significativa. Neste tema, o movemento da Escola Nova tivo unha grande influencia no pensamento pedagóxico do galeguismo, propugnando unha educación activa á vez que significativa, ó empregar o medio máis próximo ós nenos e nenas como contido e recurso para a aprendizaxe.

Situándonos nunha esfera infraestructural, cobran unha especial relevancia as referencias ó espazo educativo, xa que as deficiencias dos edificios e locais escolares conformaban un dos problemas máis graves da educación primaria en Galicia e, concretamente, nas escolas rurais, cunha clara desvantaxe, en relación coas escolas do resto do Estado. Desde posicións galeguistas criticouse duramente a situación na que se atopaban os edificios e locais escolares, así como a política centralista que estaba a construír as escolas con modelos arquitectónicos alleos ó medio rural, sen atender á especial climatoloxía e ó contorno natural e social onde estaban encravados nin ós materiais propios da arquitectura tradicional galega.

Trala análise da infraestrutura escolar, entramos a considerar os diversos aspectos que afectan ós programas escolares. O seguimento da prensa e da bibliografía galeguista producida no primeiro tercio do século XX móstranos como unha constante a reclamación de implantar nas escolas primarias un programa escolar adaptado á realidade de Galicia, desbotando os programas uniformadores vixentes daquela nas escolas do país. A través da integración no currículo de contidos como Historia de Galicia, Xeografía de Galicia, nocións de Agricultura e de Literatura e Lingua Galega pretendíanse, basicamente, dous obxectivos: que o estudiantado tivese coñecemento de que Galicia ten unha historia como pobo diferenciado, incluso como reino, unha lingua de séculos na que escribía as súas "Cantigas" o Rei Sabio e, ademais, ríos, montañas, fauna e flora propios; e que os rapaces e rapazas tomaran conciencia de que Galicia non era inferior a ningún outro pobo polo que debían defender as súas señas de identidade.

Outro dos aspectos ós que cabe facer unha mención especial é ó da conflictividade lingüística que supuxo en Galicia a política de uniformismo lingüístico emprendido xa na época medieval coa anexión ó reino de Castela, que leva consigo a coexistencia de dous idiomas cunha inxusta orde xerárquica: o castelán, idioma dos posuidores, dos

administradores e dos letrados e o galego, idioma dos desposuídos, dos administrados e dos iletrados.

Ante esta situación, desde posicións galeguistas vanse emprender unha serie de accións encamiñadas á recuperación normalizadora do idioma galego. Unha destas accións vai ser a de reivindicar o estudo e emprego do galego nos distintos niveis do ensino. Xa no século XIX se inicia desde posicións rexionalistas, a través dos homes e das mulleres do Rexurdimento, unha campaña en defensa da inclusión do galego como materia de ensino nas escolas. Era esta unha campaña de carácter "conservacionista", defendíase o uso do galego en espazos máis ou menos reservados (folclore, literatura, etc.), pero sen entorpecer os dominios do castelán que gozaba duns espazos máis amplos (cultos relixiosos, Administración, Xustiza, investigación científica, etc.).

A partir do ano 1916, xa na etapa nacionalista, o galeguismo empeza a estender, tanto cuantitativa como cualitativamente, as reivindicacións sobre o idioma galego. Empréndese así unha liña de normalización que se vai traducir no uso, exhibición, dignificación e ampliación do volume e presenza pública do galego. Esta liña de normalización vai superar con claridade as anteriores reivindicacións que demandan a introducción do galego como materia de estudio. Agora vaise reivindicar, principalmente a partir de 1932, o uso do galego como vehículo de comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

A desgaleguización non afectaba só ás escolas rurais, senón ó conxunto do sistema educativo. A situación no resto dos centros educativos de Galicia era moi semellante, maiormente no sistema universitario. Completamente arredada da realidade de Galicia, dos intereses e necesidades do país, a Universidade de Santiago constituía outro dos axentes educativos desgaleguizadores. Tanto os contidos de estudio que se dispensaban nas diferentes Facultades como as investigacións que nelas se realizaban non facían referencia a aspectos da vida galega, á súa cultura, economía, condicións de vida, idioma, etc.

O galeguismo vai amosar un especial interese por esta cuestión, salientando as graves consecuencias que para a cultura e o desenvolvemento integral de Galicia ten esa situación. Era preciso achegar o principal centro cultural, científico e educativo do país ós intereses e necesidades do mesmo. En definitiva, cumpría galeguizar a Universidade. Este proceso de galeguización vaise concretar en diversos aspectos como a reivindicación da Autonomía Universitaria, demandas de novas titulacións e Faculta-

des, creación dunha residencia de estudantes, implantación dunha Cátedra de galego, contratación de profesorado galego, etc. Estas reivindicacións axudarían a cumprir o sono de Castelao de ver á Universidade de Santiago "convertida en cerebro de Galicia, irradiando cultura e saber, máis alá dos lindeiros naturais da nosa Terra".

A expresión das reivindicacións galeguistas no campo da educación e da lingua galega, desde a Asemblea Nazionalista de Lugo, celebrada no mes de novembro de 1918 ata a redacción definitiva do Estatuto de Autonomía, aprobado en plebiscito o 28 de xuño de 1936 quedaron recollidas nun conxunto de proclamas, manifestos, programas así como en proxectos estatutarios e constitucionais que van servir de base para elaboración dun proxecto educativo no que porá o galeguismo moitas das súas esperanzas e esforzos e no que se terán en conta as seguintes reivindicacións:

1. Estudio e emprego do galego como lingua vehicular na aprendizaxe escolar.
2. Contidos de estudio propios da realidade galega: Historia de Galicia, Xeografía galega, Literatura e Lingua galega.
3. Adecuación da organización escolar ás características da poboación, climatoloxía e xeografía de Galicia: edificios escolares, asistencia escolar, horarios e vacacións.
4. Emprego de materiais didácticos escritos en galego e con contidos que fagan referencia ás características socio-económicas e culturais de Galicia.
5. Demanda de estudos agrícolas e nauticos.
6. Creación dun corpo de mestres e mestras concenciadas cos problemas galegos, o que implica a galeguización das Escolas Normais.
7. Dignificación das escolas rurais.
8. Galeguización da Universidade.
9. Realización de proxectos de investigación educativos.

Por último, cómpre indicar que a posta en práctica deste proxecto de galeguización do ensino tivo que esquivar numerosos impedimentos tanto económicos como legais e políticos, polo que as experiencias pedagóxicas galeguistas no ámbito da educación formal foron máis ben escasas. Sen embargo, xa no ámbito da educación non formal e informal o labor pedagóxico, maiormente na esfera política e cultural, do galeguismo foi arduo e intenso se temos en conta o infindo número de mitins, asembleas, manifestos, publicacións e conferencias dos que da cumprida conta a prensa da época.

En definitiva, e como conclusión, podemos sinalar que as bases pedagóxicas que conforman o proxecto educativo do galeguismo poden ser consideradas como as formulacións máis críticas e analíticas que se enunciaron en Galicia no primeiro tercio do século XX canto ó estado do ensino e sobre a necesidade de deseñar un novo modelo escolar que contrarrestase o influxo negativo que exercía a política centralista e desgaleguizadora.